

O REPORTEIRO

Nº 48

ESPAAO
LIBRE DE
VIOLENCIAS
MACHISTAS

SARRIA
EN NEGRO



CURSO 2019 / 2020



CEIP ANTONIO FERNÁNDEZ LÓPEZ OURAL

EDITORIAL



Chegamos ao remate dun curso escolar cunha recta final diferente. Un curso distinto que nos alonxou fisicamente pero que nos uniu a través das redes.

Ao final, resistimos, superamos retos, participamos en vídeos, aprendemos a facer videoconferencias a marchas forzadas, fixemos fichas interactivas, seguimos o curso telematicamente . . . un gran esforzo por parte de todos que queremos agradecervos especialmente.

Ninguén estaba preparado para enfrontarse a este bichiño que nos cambiou a vida, pero agora toca despedir o curso e mirar con ilusión cara adiante. Seguro que non nos vamos esquecer deste curso 2019-2020.

Nada nos gustaría máis que ter celebrado o festival FIN de CURSO e a despedida dos nosos nenos e nenas de 6º de Primaria, pero tede moi presente que aínda que non poida ser , BOTAREMOSVOS MOITO DE MENOS igual, porque sodes os nosos MAIORES e algún día cando voltedess polo voso cole, celebraremos como é debido a vosa despedida.

FAMILIAS, desfrutade das vacacións que ben merecidas as tedes por todo o que vos implicastes neste curso. E vós NENOS e NENAS sede moi felices porque TODOS aprobastes cun 10 a materia máis importante: COIDARVOS E AXUDAR A COIDAR AOS VOSOS MAIORES.

SUMARIO

PARTE 1

TEMOS NOVA MASCOTA NA
BIBLIOTECA
SAMAÍN
O TÚNEL DO TERROR
MAGOSTO
25N- DÍA INTERNACIONAL DA
ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA
CONTRA A MULLER
3D- DÍA INTERNACIONAL DAS
PERSOAS CON DISCAPACIDAD
OBRADOIRO DE GALLETAS
O BELÉN DE OURAL
NADAL
DÍA DA PAZ
ENTROIDO
DÍA DE SAN VALENTÍN
8M-DÍA DA MULLER

PARTE 2

RESISTIRE
GRAZAS
DÍA DO LIBRO
O RECUNCHO DE INFANTIL
O CONFINAMENTO EN 2º
O CONFINAMENTO EN 4º E 5º
MIÑA NAI MIÑA NAICIÑA
ENTREVISTA A MAIKEL E BRAIS
A NOSA PALABRA FAVORITA EN
GALEGO
COMO NOS CAMBIOU O COVID-19

PARTE 3

FORMAMOS PARTE DA HISTORIA
DESPEDIDA 6º

TEMOS NOVA MASCOTA NA BIBLIOTECA



ESTE ANO ELIXIMOS UNHA NOVA MASCOTA ENTRE TODOS. HOUBO MOITOS DESEÑOS, PERO O ELIXIDO FOI ESTE FERMOSEO COELLO. PARA QUEN NON O COÑEZA, AQUÍ VOS PRESENTAMOS A ANTOLÍN. EL FOI O ENCARGADO DE PROPOÑER MOITAS ACTIVIDADES AO LONGO DO CURSO...E AS QUE LLE QUEDARON POR FACER, PERO QUE GARDA PARA O CURSO QUE VÉN. ATA LLE DEU TEMPO A ORGANIZAR UN OBRADOIRO DE COCIÑA.

ANTOLÍN



OLA NENOS E NENAS! NON QUERÍA DEIXAR PASAR A OPORTUNIDADE QUE ME DAN DESDE A REVISTA PARA AGRADECERVOUS A VOSA PARTICIPACIÓN EN TODAS AS ACTIVIDADES QUE ORGANICEI NA BIBLIOTECA. TAMÉN VOS QUERÍA ANIMAR A SEGUIR LENDO DURANTE AS VACACIÓNS. E NON ESQUEZADES QUE... SE QUEREDES AVENTURA, LANZÁDEVOS Á LECTURA!

OS MÁIS LECTORES DESTA CURSO FORON:



HANANE
SARA RAPOSO E LUCÍA
ZOE
SANDRA
DIEGO CAMPOS
IAGO
MARC E ANALÍA



SAMAÍN



COMO CADA ANO CHEGOU O O SAMAÍN E CON EL ENCHEMOS A ESCOLA DE ESQUELETOS, MEIGAS, PANTASMAS E UN MONTÓN DE PERSONAXES TERRORÍFICOS.







XOGOS DO MAGOSTO



E TAMPOUCO PODÍAN FALTAR OS TRADICIONAIS XOGOS DO MAGOSTO NO COLE DE OURAL. XOGOS COMA O CASTAÑA GP, O CUCURUCHO BALL, OS BOLOS, A CASTAÑA AO CESTO, AS CARRILANAS, A PESCA, OS TAPÓNS CHINESES OU A RÁ ENTRE OUTROS.





O TÚNEL DO TERROR



ESTE AÑO MONTAMOS UN TÚNEL DO TERROR NA BIBLIOTECA. NEL HABÍA MEIGAS, PANTASMAS, MOMIAS E ATA VARIOS ESQUELETOS.





MAGOSTO



E DESPOIS DE XANTAR, TOCABA COMER AS CASTAÑAS E FACER UNHA GRAN FESTA CON MOITA MÚSICA.



25-N



O 25 DE NOVEMBRO DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER GRAVAMOS UN VÍDEO DA CANCIÓN "SE ACABARON LAS LÁGRIMAS" DE HUECCO E HANNA E TAMÉN TIVEMOS NA BIBLIOTECA UNHA SESIÓN DE CONTACONTOS.



3 DECEMBRO



TODOS
BAIXO O
MESMO
PARAUGAS



O "NORMAL" É QUE SEXAMOS DIFERENTES. NON SERÁS TI O DIFERENTE?



O 3 DE DECEMBRO É
O DÍA
INTERNACIONAL DAS
PERSOAS CON
DISCAPACIDADE. NO
COLE UNÍMONOS
TODOS BAIXO O
MESMO PARAUGAS
PARA VISIBILIZAR
QUE VIVIMOS NUNHA
SOCIEDADE DIVERSA
E PLURAL, PERO CON
DESEXOS E ILUSIÓNS
POR IGUAL. FIXEMOS
UNHA GYMKANA
INCLUSIVA COS
AMIGOS DE COGAMI.



A RECEITA ESTÁ BEN CLARA, SÓ TEMOS QUE SEGUILA!



TALLER DE GALLETAS

EN DECEMBRO, NA BIBLIOTECA ORGANIZAMOS UN OBRADOIRO DE GALLETAS E DE BOMBÓNS DE CHOCOLATE NO QUE PARTICIPARON OS QUE ATOPARON O BILLETE DOURADO DE WILLY WONKA E AQUELES QUE MÁIS LERON NO 1º TRIMESTRE. TODOS OS PARTICIPANTES SON UNS AUTÉNTICOS CHEFS. ESTABA TODO BOÍSIMO.



COOKIES

Ingredientes

- 150 gramos de Fariña
- 75 gramos de mantequilla fundida
- 100 gramos de azúcar moreno
- 1 ovo
- 1 sobre de azúcar avainillado
- ¼ culler de café de levadura química
- ¼ culler de café de sal
- Pepitas de chocolate

Preparación

1. Prequentar o forno a 180º C
2. Bater nun bol a mantequilla co azúcar moreno, o azúcar avainillado e o ovo.
3. Engadir a fariña mesturada co sal e coa levadura pouco a pouco.
4. Engadir as pepitas de chocolate
5. Facer porcións e colocalas na bandexa do forno lixeiramente chafadas
6. Fornear 12 minutos ata que os bordes estén dourados.

O BELÉN DE OURAL





NADAL



EN DECEMBRO, FIXEMOS UN GRAN FESTIVAL ONDE OS NENOS E NENAS DE INFANTIL NOS DEMOSTRARON QUE SON UNS ARTISTAS. EN 1º E 2º AXUDÁRONNOS A RECORDAR AS CANCIÓNS QUE BAILAMOS NA NOITEVELLA. AS DISTINTAS XERACIÓNS EN 3º CONTÁRONNOS COMO SE CELEBRABA O NADAL NO SEU CURRAL. EN 4º E 5º CREN QUE O NADAL NON É UN CONTO. EN 6º REPRESENTÁRONNOS UN FRAGMENTO DE CHARLIE E A FÁBRICA DE CHOCOLATE.



DÍA DA PAZ

ESTE ANO NO DÍA DA PAZ DECIDIMOS FACER UN MURAL ONDE ESCRIBIMOS AS NOSAS MENSAXES PARA CONSTRUIR UN MUNDO DE PAZ





ENTROIDO



ESTE ANO CO NOSO TEMA DE ENTROIDO FIXEMOS UNHA HOMENAXE AS ARTES: A PINTURA, A DANZA, A MÚSICA, O CINE E A ARQUITECTURA.





MIRA QUEN BAILA EN OURAL



OS PINTORES DE INFANTIL



ARQUISEXTO



A TUNA OURALERA



COMANDO R









VALENTINE'S DAY




DÍA DA MULLER






O DÍA DA MULLER DECIDIMOS RENDIRLLE UNHA HOMENAXE ÁS MULLERES DA NOSA VIDA. POR ESTE MOTIVO, OS NEN@S TROUXERON UNHA FOTO OU FIXERON UN DEBUXO DA MULLER MÁIS IMPORTANTE DA SÚA VIDA. NA CLASE, CONTÁRONNOS PORQUE ERAN IMPORTANTES.



RESISTIRÉ










GRAZAS A TODOS






E A TODAS






E POLO VOSO ESFORZO



OS PROFES TAMÉN QUEREMOS APROVEITAR ESTE RECUNCHO DA REVISTA PARA AGRADECERVOUS A VÓS E AS VOSAS FAMILIAS TODO O ESFORZO QUE FIXESTES ESTES MESES. SABEMOS QUE NON FOI FÁCIL ACOSTUMARSE A ESTA NOVA REALIDADE, PERO POUCO A POUCO CONSEGUISTELO





DÍA DO LIBRO



OS NENOS E NENAS DE INFANTIL MANDÁRONNOS UN DEBUXO DO SEU LIBRO FAVORITO.



O RECUNCHO DE INFANTIL





NATALIA



NEYZAN



LOIS L. SAMPEDRO



CLAUDIA



HUGO RODRÍGUEZ



HAYDÉE

CANTO TRABALLARON ESTE CURSO OS NENOS DE INFANTIL

FIXERON UN MONTÓN DE DEBUXOS, UN MURAL COS FROITOS DE OUTONO, CONSTRUIRON INSTRUMENTOS MUSAIS CON MATERIAL DE REFUGALLO, FIXERON UNS BONECOS DE NEVE CON POLIEXPÁN, UNHA ÁRBORE DE OUTONO, UN OURIZO CUNHA PIÑA, UN PARAUGAS, UNHA EIRUGA DE PAPEL, UN COELLIÑO BRANCO, A CARAUTA DE ROSALÍA DE CASTRO...E UN MONTÓN DE COUSAS MÁIS. AQUÍ VOS DEIXAMOS UNHA MOSTRA DOS DEBUXOS QUE FIXERON ESTE CONFINAMENTO.

O CONFINAMENTO EN 2º

Olá prof.

Vou-lhe contar um dia do meu confinamento.

Fui pela manhã levántome às 8 e levan-me à casa dos meus avós e volvíme deitar ata as 10.

Levántome, almoço e lavo os dentes. Depois a minha avó temme estudando toda a mañá.

Depois comemos e hago un pouco.

Pela tarde vou á miña horta na que plantei febras, bitugas, patacas e tíño que cavalos.

Á noite ven miña nai e marchamos para a casa, hánome, cené e vou para a cama.

CHAO PROFE UN BICO



Martes 19 Mayo 2020
Levanteime da cama, almorcei, lavei os dentes, fun ao cardine comin. Lavei os dentes, cambicime, fun a lugo facer unha telemetría, tomei un café ca miña tia Loli, fun comprar unhos helados, fun buscar a meu irmón, cenei e fun me a cama.

Mércores 29 de abril de 2020

Levántámonos e fomos para a casa dos avós. Cando chegamos levántouse Aroa. Aroa é a miña prima. Almorzamos. O avó e avó amaron o pami. Polste, Aroa e mais eu tamén amosamos. Ven Tania e asudounos.

Depois comemos e xogamos.

Pela tarde ven mamá a recollernos e fomos para a nosa casa. All xogamos e fixamos as tarefas. Era hora da merenda, tocou sandía.

Volvímos das tarefas, cenamos, lín un rato e sca chegou papá. Duchámonos, gravamos o vídeo e a dormir.



O CONFINAMENTO EN 4º E 5º

JORGE

En setembro empezaron o curso, eu non inxuriosaba que este ía ser o peor curso desde que empecei o curso. Xogando no balón rompín un coto do brazo esquerdo. En marzo suspendéronse as clases por culpa do covid-19. Este virus cambiouno a vida a todo. Houbo que estar na casa sen saír para non contaminar. Os meus pais foron dos poucos que tiveron que saír a traballar durante o confinamento. Eu prefería saír a fora porque teño un espazo ao lado da casa. Neste tempo estudei na casa coa axuda do ordenador e, ademais diso, xogo coa roquete, vezo a tele, dou pequenas tarefas coa miña nai, xogamos algunhas veces a xogos de mesa, fago traballos de recollida de follas na horta, etc. A veces aléxame me, voto de menos estar co amigos e estar no curso. Estes días estou facendo deberes, or de día máis non os meus preferidos. En todo este tempo só fun unha vez a Suria e levei máis de un voto nel desinfectante nos meus varios veces. Espero que o seguinte curso as cousas vexan como antes.

O coronavirus en Oural

Estes meses non foron normales, pero... Hai que pensar que estamos vivindo unha cousa histórica!
Como a primeira e segunda guerra mundial.

Eu teño ganas de abrazar a todos os meus seres queridos, de xogar cos meus amigos, de ir de compras... pero chegará o momento. Estou triste e ao mesmo tempo contenta, porque agora sei apreciar mellor as cousas. Ao principio cando dixeron isto, eu pensei que sería só por quince días, pero cando se alargou só daba tempo de pensar:

"E se nunca acaba?"
Pero si vai acabar

Iso de levar mascarilla e guantes, pois como que non me convencia, pero polo visto hai que poñelo.



Entras nun sitio e afogas ca mascarilla posta. Se vas ao médico, ao dentista, oculista... desinfectante de arriba a abaixo, e parece que tes ti o coronavirus. Antes ibas a algún sitio tan tranquila, pero agora eu levo moito medo; tocabas en todo, e agora non podes tocar, e se tocas gel desinfectante. Lávate as mans, coloca a mascarilla, pon os guantes... Iso é un caos, pero si todos facemos o que nos piden...

Todo vai sair ben!

ANTÍA MOSCOSO

Como me sinto no confinamento

Cando me dixestes que se ía suspender o curso quedeime sorprendida porque eu pensaba que non había problemas, a min a miña nai non me dixo nada. Cando cheguei á miña casa eu pensei, nunca xamais veré as meus compañeiros nin as miñas compañeiras e eu púxeme triste. Pero miña nai díxome non te preocupes que o virus algún día se acabará. Cando pasaron semanas e semanas eu aburrida na miña casa era a primeira vez que me quedase tan impresionada porque miña nai comprara moitas cousas, ata cando pasaron varias semanas díxeme á miña nai podes ir contigo a comprar, ela díxome que non podía ir porque había algunha xente con coronavirus, seguiron pasando semanas pero eu cada día sentíame máis aburrida pero un día díxome miña nai se queres ven comprar pero pon mascarilla e guantes. Fízoa moito calor e eu non aguantaba, cando entreei no coche díxen que calbr fízo e quitéi a mascarilla e os guantes. NEREA

CONFINAMENTO.

Este confinamento estouno levando bastante ben, ao principio estaba un pouco preocupada, porque non podía ver as miñas amigas nin a miña familia. Miña nai como é enfermeira e traballa nunha residencia, pois tiñamos medo de que se contaxiara, e o meu pai ten unha granxa con animais e tamen tiña que saír a atendelos. Meu irmán e eu tiñamos que quedar na casa, molaba ter un irmán maior, porque xogabamos xuntos a algo, viamos pelis... un montón de cousas. Pero tamén tiñamos que facer deberes, e seguir traballando, a min ao principio costoume un pouco adaptarme pero despois xa fun adaptándome. Todos os días saía a aplaudir a toda a xente que se esforzaba todos os días. Agora xa se pode saír un pouco a rúa, a min a verdade é que me sentou moi ben, porque a miña amiga e eu somos amigas e pois podemos reencontrarnos, tamén me reencontrei cos meus avós que os botaba moito de menos, e pois ese reencontro foi moi bonito, tamén teño primos, e tíos noutras comunidades e provincias, e como non nos podemos ver, pois facemos videochamadas. O outro día a princesa de Asturias deu un premio a todo o personal sanitario polo traballo que fixeron ao combater o covid-19, a min pareceume moi ben que tiveran ese detalle, aínda así ese premio queda curto para agradecer todo o seu traballo.

SABELA

Todo vai ser ben



MIÑA NAI, MIÑA NAI CIÑA

Hoxe pensei en silencio
dedicarche unha canción
por ser o mellor remedio
e quererme con paixón.
Miña nai sempre me cuida
pola noite e polo día
aínda que ás veces me reña,
tamén me da moita alegría.

DANI (3º)

SÚPER MAMÁ AO RESCATE

Había unha vez unha nai chamada Emma e unha nena chamada Lucía. Un día, a súa nai chamou a Lucía para que a acompañase a facer as seguintes tarefas: darlle de comer e de beber aos coellos, ás galiñas, aos becerros, as ovellas e ao poni.

Cando lles deron de comer ao poni, ás ovellas e aos becerros, todo foi ben. Cando lle foron dar de comer e de beber ao coello e ás galiñas, tamén ía todo ben... pero a Lucía entoxóuselle coller un poliño para tocalo. A súa nai, como era moi boa, deixoulle. Cando a nai lle colleu o poliño á pita para darlo a Lucía, a galiña enfadouse e quixo picar á nena, pero a nai, agarrou á pita polo rabo e librou a Lucía dun picotazo. A nai díxolle a Lucía que soltara o poliño e a nena deixouno no chan con coidado.

Lucía deulle ás gracias a súa mamá por tela librado dun bo picotazo e marcharon as dúas para a casa.

IZAN


CONTO A UNHA MAMÁ

Nunha casa cerca dun bosque vivía un neno que tiña unha mamá moi buena e moi traballadora, traballaba no hospital, na horta e no establo tamen coidaba moito ao seu neno que era moi afortunado.

Mamá, mamá, grazas por coidarme
grazas pola túa comprensión
grazas por axudarme
de todo corazón.

Grazas pola túa amabilidade,
grazas polos consellos,
que me das con toda serenidade,
grazas por ver polos meus ollos.

JESÚS (3º)




A MELLOR NAI DO MUNDO

Mami, mami ,ti sempre estas ahi para coidarme ,
e para cando me caiga levantarme.
Mami, mami ,ti eres a miña inspiracion,
e por iso douche a metade do meu corazon.

IRENE



COMO A MIÑA NON HAI NINGUNHA



Mamá, ti sempre no meu fogar,
coidando de min, querendo resistir,
mirándome á cara, mil veces sen fin
cun sorriso, que sempre vai resistir.

Mamá, ti sempre dándome apertas,
ti sempre ao meu lado,
ti eres un agasallo do meu corazón
e por iso quería pedirche perdón.

SANDRA (3º)

MAMÁ

Eres como unha flor,
porque dasme moito amor.
Quérote un montón,
sempre me alegras o corazón.
Fasme a vida moi doada,
coma se foses unha fada!
Eres fermosa
como unha mariposa.
Quérote sempre ao meu lado
para que todo sexa moi doado.

LEO (3º)

A miña nai é tan boa
que xoga comigo
os días de choiva,
canta cantigas,
cocina sardiñas,
sacha na horta,
debuxa froitas
e está un pouco xorda.

ARTAI (3º)

A miña nai é única
simpática, guapa e boa
sempre leva túnica,
é como a miña avoa.
Así é a miña nai
todo iso e xenial,
traballadora e guai
a miña nai é especial.

SARA (3º)

COMO TRANSCORRERON ESTES MESES ATÍPICOS PARA OS RAPACES E RAPAZAS DE OURAL?

Entrevista a Maikel (M) e a Brais Corujo (B)

1.- Que pensache o día que che dixeron que se suspendían as clases?

M: Pensei que non tiña que facer deberes

B: Que non ían mandar tantos deberes

2.- Fixeches as tarefas escolares telematicamente? Que che pareceron?

M: Si. Fáciles.

B: Si. Parecéronme ben.

3.- Prefires as clases na Rede ou ir ao cole? Por que?

M: Na Rede. Porque é máis divertido.

B: Na Rede. Porque son máis fáciles.

4.- Que outras actividades fixeches ademais das tarefas escolares? Cal ou cales foi nas que máis gozache?

M: Debuxar

B: Ir en bici

5.- Botaches en falta algo ou a alguén nestes días?

M: Non

B: Aos meus compañeiros

6.- Como cres que será o vindeiro curso escolar?

M: Máis difícil porque ao mellor hai que recuperar o curso perdido

B: Parecido


7.- Como che gustaría que fose?



M: Fácil

B: Parecido a este



A NOSSA PALABRA FAVORITA EN GALEGO





COMO NOS CAMBIOU O COVID-19

Xa rematou o curso 2019-20 (o curso Covid-19). Todo se parou aquel 13 de marzo no que precipitadamente tivemos que abandonar as nosas aulas, deixando atrás os nosos pupitres, os nosos amigos, o noso cole... Iamos comezar unha nova forma de vivir: lavando continuamente as mans, separándonos dos nosos avós, confinándonos nas nosas casas e aprendendo as leccións A DISTANCIA.

Pero nós somos fortes e capaces de adaptarnos ás novas situacións, sobre todo cando estamos a xogar non só coa nosa saúde senón coa dos demais.

Por iso, temos que **CONCIENCIARNOS** de que cando comece o novo curso, as cousas van ser distintas. Deberemos seguir unhas **NORMAS** que nos axudarán a protexernos e sobre todo a protexer aos demais.

Non entendemos moi ben porque non poderemos estar sentados cos nosos compañeiros-as, porque nos prohíben prestarlles as nosas pinturas e porque temos que xogar separados e encima cunha máscara... É difícil de entender aínda para os maiores, pero para que poidamos volver facer todo aquilo que botamos de menos, temos que traballar todos xuntos e así pronto lograremos abrazarnos. Todo isto non significa que non vaiamos a gozar do noso cole como antes, só que o faremos dunha maneira **DISTINTA**.

GOZADE DAS VACACIÓNS CON SENTIDIÑO PARA ESTAR XUNTOS DE NOVO



Formamos parte da historia e participamos nela



Grazas a todos os profes de Oural por ensinarme tantas cousas, agora empeza unha nova etapa para min. Nunca vos esquecerai. Analía

Unha etapa inesquecible nun cole fantástico. Diego Campos

Moitas grazas por ensinarnos tanto. Antonio

Nove anos aprendendo xuntos e agora tócanos despedirnos confinados nas nosas casas. Oxalá nos atopemos pronto. Diego Castro

Uns sentimentos inesquecibles. Brais Corujo



Grazas por darnos esos momentos tan divertidos. Daniel

Uns amigos inesquecibles nestes nove anos. Rubén

Pasei momentos moi felices neste cole, espero que se volvan repetir nesta nova etapa. Marc

Grazas a todos @s profes por estes anos maravillosos, que nunca esqueceré, e grazas ás amizades que fixen. Carla

Estes nove anos convosco foron maravillosos... xogando, aprendendo e tamén facendo amigos. Brais Castro

Alumn@s de sexto

Curso 2019 - 2020

O MEU COLE



MOITA
SORTE E ATA
SEMPRE!

Todos os preparativos, desta nova experiencia, comezaron no verán do 2010 ou 2011. Podo asegurar que vós non erades conscientes pero os vossos pais sí, foron eles os que, con gran esforzo, prepararon todo para unha nova etapa na vosa vida.

Chegou o día e alí estaba o cole de Oural esperando a entrada dos novos pequeniños...que viñan con ganas de xogar, aprender, descubrir e sobrevivir nun mundo novo cheo de sentimentos incontrolables. Sentimentos que vos fixeron crecer e ser especiais. Este ano erades os maiores e cunha mirada podíades revivir o que foi o voso camiño. Un cole pequeno, unha gran familia á que coidar e uns alumnos de 6º que o facían as mil marabillas.

Todo comezou despois dese verán, continuou cun novo reto cada curso e finaliza cunha gran viaxe que vos permitiu coñecervos a vós mesmos e compartir moitos momentos especiais. Agora comeza outra nova etapa que vos permitirá seguir crescendo...E todos os profes, cos mellores desexos, queremos que comecedes a nova experiencia con moita ilusión, que non esquezades todo o vivido e que estamos orgullosos de vervos marchar sabendo que destes vida ao cole de Oural.

Este curso tivo unha despedida con pouco sabor...pero nin o mesmo coronavirus poderá arrebatarnos as ganas de seguir, de poder abrazarvos e dedicarvos unha mirada de complicidade por un traballo ben feito.

